



Felicita aos galardoados e ao xornal organizador no seu décimo aniversario

## **A presidenta do Parlamento asistiu, en Vilagarcía, á *Gala Arousáns do Ano*, organizada polo *Diario de Arousa***

**Santiago, 26 de marzo de 2011.-** A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, asistiu esta noite á *Gala Arousáns do Ano*, celebrada en Vilagarcía e organizada polo *Diario de Arousa*, ao que felicitou no seu décimo aniversario.

Rojo Noguera valorou os méritos dos galardoados, “persoas e institucións que, paseniñamente, se teñen convertido en referentes nos seus diferentes ámbitos”.

Trátase da Festa da Auga de Vilagarcía, o Proxecto "Vai Bike", o CEIP As Covas de Meaño, o Club de Remo Amegrove, o Club Deportivo Ribadumia, Álex Álvarez Vidal, Roi Casal, o Padre Isorna, a Protectora de Animais de Cambados, Caixanova-Novacaixagalicia, e Jorge Domínguez Rosal, alcalde de Meaño e presidente da Mancomunidade do Salnés, quen recibiu o premio de mans da presidenta do Parlamento.

“Permítanme que faga meus cada un dos eloxios que sobre os galardoados teño escoitado esta noite –dixo Rojo Noguera- e permítanme tamén que en nome propio, e no da institución que represento, me sume ós merecidos parabéns que están a recibir.”

Saúdos, Gabinete de Comunicación